



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DEZ DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE

(ACTA NÚMERO 23)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Ónega

D^a. Mayra García Bermúdez

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dez de maio de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen-se os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D^a. M^a. del Pilar García Porto e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE E DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRES DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación ás actas da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e nove de abril de dous mil dezanove, e da sesión ordinaria celebrada o día tres de maio de dous mil dezanove, que foron distribuídas entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE O CORGO, FOLGOSO DO COUREL E O SAVIÑAO, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de O Corgo, Folgoso do Courel e O Saviñao no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:



Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan. Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establececese “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Corgo (O):

O Concello de O Corgo presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
71	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO DENDE A N-VI A HOSPITAL, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	3.738,50€
73	PROLONGACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO A PARADELA, INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1600 762	6.300,02€
75	CONSTRUCCIÓN DE COLECTOR-EMISARIO DE CAMBEIRO A PORTELA, INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1600 762	4.525,82€

Así mesmo, por escrito de data 15 de abril de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPARACIÓN, AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CHOUSA	1531 76255	3.738,50€	--	3.738,50€
SANEAMENTO EN PARADELA: TERMINACIÓN DO COLECTOR PRIMARIO	1600 76255	10.825,83€	--	10.825,83€

Concello de Folgoso do Courel

O Concello de Folgoso do Courel presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA DEPUTACIÓN €
84	REPARACIÓN DE DEPÓSITOS DE AUGA EN CARBALLAL, VALDOMIR, SOBREDO, FERREIRA VELLA E ROMEOR, INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1610 762	1.289,84€

Así mesmo, por escrito de data 12 de abril de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPARACIÓN DEPÓSITO DE AUGA NO NÚCLEO DE PIÑEIRA	1610 76255	1.289,84€	1.507,90€	2.797,74€



Concello de O Saviñao.

O Concello de O Saviñao presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
273	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO A NAVALLOS, DO MURO (OUSENDE) A LÍMITE CON BÓVEDA, DE CRTA DE MONFORTE A XESTO (LÍMITE CON BÓVEDA); DE SOBREDA A VALDORRAMA; DE VALDORRAMA A LAMAPODRE; A PIMENTO, CORNEAS, TAIZ, CAPILLA DE GADALUPE, DE GRUÑEDO A CHAVE; BUXÁN-LOUREDO; DE VILATIÑOSA A CORVEIXE; BUSTELO-VILARAVIDES; DE A BARXA A BUIME; DE CAZAPICO (LÍMITE MUNICIPAL); ACCESO A CAVADA, MALVEIROS E A MOSIÑOS, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	54.300,15€

Así mesmo, por escrito de data 12 de abril de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
SUMINISTRO DE FORMIGÓN PARA EXECUCIÓN DE OBRA POR ADMINISTRACIÓN DE MELLORA DE CAMIÑOS EN A BROZA, CHAVE, DIOMONDI, LOUREDO, OUSENDE, REBORDAOS, REIRIZ, SOBREDA E SAN VITORIO	1531 76255	54.300,15€	44,51€	54.344,66€

Tendo en conta as solicitudes dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das reguladoras do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos respectivos concellos, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de O Corgo, Folgoso do Courel e O Saviñao e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

IDENTIFICACIÓN	CONCELLO	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPARACIÓN, AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CHOUSA	O CORGO	1531 76255	3.738,50€	--	3.738,50€
SANEAMENTO EN PARADELA: TERMINACIÓN DO COLECTOR PRIMARIO		1600 76255	10.825,83€	--	10.825,83€
REPARACIÓN DEPÓSITO DE AUGA NO NÚCLEO DE PIÑEIRA	FOLGOSO DO COUREL	1610 76255	1.289,84€	1.507,90€	2.797,74€
SUMINISTRO DE FORMIGÓN PARA EXECUCIÓN DE OBRA POR ADMINISTRACIÓN DE MELLORA DE CAMIÑOS EN A BROZA, CHAVE, DIOMONDI, LOUREDO, OUSENDE, REBORDAOS, REIRIZ, SOBREDIA E SAN VITORIO	O SAVIÑAO	1531 76255	54.300,15€	44,51€	54.344,66€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE VILALBA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6505 “MARTIÑÁN (N634)-CORVELLE”, P.K. 0+000 A 2+215, LU-6513 “VILALBA (N634A)-



MOMÁN-LIM PROV", RAMALES P.K. 0+750 MI E 1+250 MI E LU-P-6517 "MOURENCE (LU-P-6513)-SANTABALLA (LUP6519)- E RAMAL IGREXA MOURENCE", P.K. 0+000 A 3+625 E RAMAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 08 de febreiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 298.750,00€, dos cales 51.849,17€ son de IVE, correspondente á obra: VILALBA.- Rehabilitación de firme LU-P-6505 "Martinián (N634)- Corvelle", PK 0+000 a 2+215, LU-P-6513 "Vilalba (N634A)- Momán- Lim Prov", ramales PK 0+750 MI e 1+250 MI e LU-P-6517 "Mourence (LUP6513)- Santaballa (LUP6519)- e ramal igrexa Mourence", PK 0+000 a 3+625 e ramal.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 22 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación con data 08 de abril de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como VILALBA.- Rehabilitación de firme LU-P-6505 "Martinián (N634)- Corvelle", PK 0+000 a 2+215, LU-P-6513 "Vilalba (N634A)- Momán- Lim Prov", ramales PK 0+750 MI e 1+250 MI e LU-P-6517 "Mourence (LUP6513)- Santaballa (LUP6519)- e ramal igrexa Mourence", PK 0+000 a 3+625 e ramal segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 22 de febreiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público.

A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia da Mesa de contratación, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

VILALBA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6505 "MARTIÑÁN(N634)-CORVELLE", PK 0+000 A 2+215, LU-P-6513 "VILALBA(N634A)-MOMÁN-LIM PROV", RAMALES PK 0+750 MI E 1+250 MI E LU-P-6517 "MOURENCE(LUP6513)-SANTABALLA(LUP6519)-E RAMAL IGREXA MOURENCE", PK 0+000 A 3+625 E RAMAL

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

	298.750,00	
	246.900,83	51.849,17 IVE
NO	6	MAXIMO
		12.345,04

EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (95)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		254.172,87 €	8.000,00 €	119/3
2	ASFALGAL TÉCNCIAS VIARIAS SL		259.583,88 €	2.469,00 €	13/0
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		229.798,51 €	200,00 €	9/0
4	CHOLO SL		250.531,75 €	1.975,21 €	22/1
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	236.758,28 €	0,00 €	45/1
6	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		227.050,45 €	6.175,00 €	178/4
7	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	238.282,88 €	1.500,00 €	6/0
8	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	232.742,00 €	2.715,91 €	13/0
9	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	228.343,00 €	740,70 €	190/3
10	GRUPO BASCUAS 2008 SL		250.785,69 €	2.086,31 €	86/1
11	HORDESCÓN SL		255.102,63 €	696,69 €	18/0
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		253.937,51 €	4.958,68 €	38/1

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), compróbase si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:



EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		254.172,87 €
2	ASFALGAL TÉCNCIAS VIARIAS SL		259.583,88 €
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		229.798,51 €
4	CHOLO SL		250.531,75 €
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	236.758,28 €
6	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		227.050,45 €
7	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	238.282,88 €
8	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	232.742,00 €
9	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	228.343,00 €
10	GRUPO BASCUAS 2008 SL		250.785,69 €
11	HORDESCÓN SL		255.102,63 €
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		253.937,51 €

MEDIA
244.606,46

BAIXA DESPROPORCIONADA
220.145,81

10% ARRIBA
269.067,10

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedéndose á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		254.172,87 €	59,06	8.000,00 €	5,00	64,06
2	ASFALGAL TÉCNCIAS VIARIAS SL		259.583,88 €	51,89	2.469,00 €	1,54	53,43
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		229.798,51 €	91,36	200,00 €	0,13	91,49
4	CHOLO SL		250.531,75 €	63,89	1.975,21 €	1,23	65,12
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	236.758,28 €	82,14	0,00 €	0,00	82,14
6	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		227.050,45 €	95,00	6.175,00 €	3,86	98,86
7	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	238.282,88 €	80,12	1.500,00 €	0,94	81,06
8	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	232.742,00 €	87,46	2.715,91 €	1,70	89,16
9	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	228.343,00 €	93,29	740,70 €	0,46	93,75
10	GRUPO BASCUAS 2008 SL		250.785,69 €	63,55	2.086,31 €	1,30	64,85
11	HORDESCÓN SL		255.102,63 €	57,83	696,69 €	0,44	58,27
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		253.937,51 €	59,38	4.958,68 €	3,10	62,48

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 12 de abril de 2019 adoptouse a seguinte resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		98,86
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	93,75
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		91,49
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	89,16
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	82,14
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	81,06
7	CHOLO SL		65,12
8	GRUPO BASCUAS 2008 SL		64,85
9	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		64,06
10	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		62,48
11	HORDESCÓN SL		58,27
12	ASFALGAL TÉCNCIAS VIARIAS SL		53,43

Requirir ao contratista CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito de data 17 de abril de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 23-04-2019, foi requirida a mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 9.382,25 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, achegou a través de escrito de data 30 de abril de 2019 a indicada documentación.



En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra VILALBA.- Rehabilitación de firme LU-P-6505 "Martinián (N634)- Corvelle", PK 0+000 a 2+215, LU-P-6513 "Vilalba (N634A)- Momán- Lim Prov", ramales PK 0+750 MI e 1+250 MI e LU-P-6517 "Mourence (LUP6513)- Santaballa (LUP6519)- e ramal igrexa Mourence", PK 0+000 a 3+625 e ramal conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 08 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, representada por D. Manuel Taboada Gómez, no prezo de 227.050,45 € dos cales 39.405,45 € son de IVE; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 6.175,00 € e 1.296,75€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra VILALBA.- Rehabilitación de firme LU-P-6505 "Martinián (N634)- Corvelle", PK 0+000 a 2+215, LU-P-6513 "Vilalba (N634A)- Momán- Lim Prov", ramales PK 0+750 MI e 1+250 MI e LU-P-6517 "Mourence (LUP6513)- Santaballa (LUP6519)- e ramal igrexa Mourence", PK 0+000 a 3+625 e ramal conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 08 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, representada por D. Manuel Taboada Gómez, no prezo de 227.050,45 € dos cales 39.405,45 € son de IVE; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 6.175,00 € e 1.296,75€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE O VICEDO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6402



“VICEDO (LU-P-6404)-CRUZ DA PARDIÑEIRA-CRISTO DE PORTAPENA (LU-P-6406), RAMAL A LU-P-6401”, P.K. 12+870 A 16+870.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 202.700,00€, dos cales 35.179,34€ son de IVE, correspondente á obra: O VICEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-6402 "Vicedo (LU-P-6404)- Cruz da Pardiñeira - Cristo de Portapena (LU-P-6406). ramal a LU-P-6401", PK 12+870 a 16+870.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 22 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 05 de abril de 2019, deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como O VICEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-6402 "Vicedo (LU-P-6404)- Cruz da Pardiñeira- Cristo de Portapena (LU-P-6406). ramal a LU-P-6401", PK 12+870 a 16+870 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público, o 22 de febreiro de 2019, e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido, procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a

todas. A continuación, de orde da Presidencia da Mesa de contratación, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

O VICEDO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6402 "VICEDO (LU-P-6404) - CRUZ DA PARDIÑEIRA - CRISTO DE PORTAPENA (LU-P-6406). RAMAL A LU-P-6401", PK 12+870 A 16+870

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)	202.700,00			
VALOR ESTIMADO	167.520,66	35.179,34	DE IVE (partida independente)	
CLASIFICACION EXIGIDA:	NO		IMP. GX e BI	34,13
PRAZO DE EXECUCION:	6		MAXIMO	8.376,03

EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		8.3/6,03 (C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados	%	%				
41,3										
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		173.327,10 €	200,00	7.063,13	6.000,00 €	119/3	85,51%	14,49%	166.263,97 €
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		170.045,03 €	25,00	866,16	200,00 €	9/0	83,89%	16,11%	169.178,87 €
3	CARFERLO SL		163.350,00 €	210,00	6.989,57	2.500,00 €	27/0	80,59%	19,41%	156.360,43 €
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	171.944,00 €	103,10	3.612,09	1.675,21 €	13/0	84,83%	15,17%	168.331,91 €
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	168.830,01 €	0,00	0,00	3.350,41 €	190/3	83,29%	16,71%	168.830,01 €
6	HORDESCÓN SL		184.598,89 €	45,00	1.692,54	588,82 €	18/0	91,07%	8,93%	182.906,35 €

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		166.263,97 €
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		169.178,87 €
3	CARFERLO SL		156.360,43 €
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	168.331,91 €
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	168.830,01 €
6	HORDESCÓN SL		182.906,35 €

MEDIA
168.608,31

BAIXA DESPROPORCIONADA
151.747,48

10% ARRIBA
185.469,14

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL



A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedéndose á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		173.327,10 €	55,98	200,00	19,05	6.000,00 €	5,00	80,03
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		170.045,03 €	62,24	25,00	2,38	200,00 €	0,17	64,79
3	CARFERLO SL		163.350,00 €	75,00	210,00	20,00	2.500,00 €	2,08	97,08
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	171.944,00 €	58,62	103,10	9,82	1.675,21 €	1,40	69,84
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	168.830,01 €	64,56	0,00	0,00	3.350,41 €	2,79	67,35
6	HORDESCÓN SL		184.598,89 €	34,50	45,00	4,29	588,82 €	0,49	39,28

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 12 de abril de 2019 adoptouse a seguinte resolución: “(...)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CARFERLO SL		97,08
2	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		80,03
3	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	69,84
4	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	67,35
5	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		64,79
6	HORDESCÓN SL		39,28

Requirir ao contratista CARFERLO SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito de data 17 de abril de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 23-04-2019, foi requirida a mercantil CARFERLO SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do prego e a garantía definitiva por importe de 6.750,00 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil CARFERLO SL, achegou a través de escrito de data 06 de maio de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra O VICEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-6402 "Vicedo (LU-P-6404)- Cruz da Pardiñeira- Cristo de Portapena (LU-P-6406). ramal a LU-P-6401", PK 12+870 a 16+870 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 15 de febreiro de 2019, á mercantil CARFERLO SL, representada por D. Juan Carlos Fernández López, no prezo de 163.350,00 € dos cales 28.350,00 € son de IVE; unha mellora de obra consistente en 210 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.500,00 € e 525,00€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.



Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra O VICEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-6402 "Vicedo (LU-P-6404)- Cruz da Pardiñeira- Cristo de Portapena (LU-P-6406). ramal a LU-P-6401", PK 12+870 a 16+870) conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 15 de febreiro de 2019, á mercantil CARFERLO SL representada por D. Juan Carlos Fernández López, no prezo de 163.350,00 € dos cales 28.350,00 € son de IVE; unha mellora de obra consistente en 210 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.500,00 € e 525,00€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

2º.- Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LENCERÍA PARA OS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DOS MUNICIPIOS DE A FONSAGRADA, POL E TRABADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 8 de maio de 2019, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de lencería para os centros de atención a maiores dos municipios de A Fonsagrada, Pol e Trabada, dividida en 3 lotes.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP, ao conformar o seu obxecto a adquisición de produtos.



Os pregos de condicións, elaborados para disciplinar a licitación e o contrato, recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado sumario, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta en aplicación dos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas). Esta contratación non está suxeita a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, por la que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, nin é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP).

En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativas e de prezo), reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 17 de abril do 2019, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente (segundo anuncio publicado con data 4 de abril do 2019 no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo- Xunta de Goberno-, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público) que foron as seguintes:

LICITADOR
CHARONE, S.L.U.
GLOBAL PCH LUGO,SLU
MERCASE GESTION,SL
MONDELO HOSTELERIA,SL
TGTS TEXTIL S.L.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa respectiva proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico “A”, documentación administrativa / proposta económica e documentación cuantificable de forma automática, resultando que as empresas presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas e seladas. A mesa de contratación acorda admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Comprobado que todos os licitadores se presentan aos tres lotes, procedese a comprobar a documentación presentada.

[Sobre/Arquivo electrónico] «A»

Documentación Administrativa, Proposición Económica e Documentación Cuantificable de Forma Automática

Declaración responsable do licitador

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Declaración Responsable	SI ROLECE (1)	SI (RXC-4646)(1)	SI (ROLECE)	SI (RXC-3818)	SI ROLECE

Estes licitadores non precisan o correo electrónico, autorizado para comunicacións e notificacións no anexo I do PCAP. Dito correo pódese obter en base a autorización expresa do licitador para comunicacións e envío de comunicación electrónicas, e que figura anexa a cada oferta presentada na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Procedese a continuación a comprobar as proposicións económicas e documentos relativos as ofertas, tanto o prezo, como as etiquetas avaliáveis con puntuación.

Lote 1 – CAM A Fonsagrada

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Oferta económica	6.251,00	7.341,59	7.242,53	8.087,02	7.045,93
Etiqueta comercio xusto	NON	NON	NON	NON	NON
Etiqueta elabor. ecolóxica	NON	NON	NON	NON	NON



Lote 2- CAM Pol

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Oferta económica	7.030,80	8.259,03	9.096,49	9.534,11	7.897,82
Etiqueta comercio xusto	NON	NON	NON	NON	NON
Etiqueta elabor. ecolóxica	NON	NON	NON	NON	NON

Lote 3 – CAM Trabada

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Oferta económica	6.680,80	7.259,59	7.983,27	8.022,34	6.888,55
Etiqueta comercio xusto	NON	NON	NON	NON	NON
Etiqueta elabor. ecolóxica	NON	NON	NON	NON	NON

Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións (criterios matemáticos e/ou automáticos), obtivéronse os seguintes resultados:

LOTE 1 . CAM A FONSA GRADA			CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
	Ptos. Max.	Imp. Max.	OFERTA				
1. OFERTA ECONÓMICA	90	11.244,71	6.251,00	7.341,59	7.242,53	8.087,02	7.045,93
2. Mellora impacto social e ambiental	10		-	-	-		-
			VALORACION				
			90,00	76,63	77,68	69,57	79,85
			-	-	-	-	-
			90,00	76,63	77,68	69,57	79,85

LOTE 2 . CAM POL			CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
	Ptos. Max.	Imp. Max.	OFERTA				
1. OFERTA ECONÓMICA	90	12.649,88	7.030,80	8.259,03	9.096,49	9.534,11	7.897,82
2. Mellora impacto social e ambiental	10		-	-	-	-	-
			VALORACION				
			90,00	76,62	69,56	66,37	80,12
			-	-	-	-	-
			90,00	76,62	69,56	66,37	80,12

LOTE 3 . CAM TRABADA			CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
	Ptos. Max.	Imp. Max.	OFERTA				
1. OFERTA ECONÓMICA	90	11.119,11	6.680,80	7.259,59	7.983,27	8.022,34	6.888,55
2. Mellora impacto social e ambiental	10		-	-	-	-	-
			VALORACION				
			90,00	82,82	75,32	74,95	87,29
			-	-	-	-	-
			90,00	82,82	75,32	74,95	87,29

As ofertas presentadas considéranse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, previsto no art. 149.4 da LCSP, se están por debaixo dos seguintes importes:

Lote 1 CAM A Fonsagrada	6.273,24 €
Lote 2 CAM Pol	7.263,93 €
Lote 3 CAM Trabada	6.630,22 €

Polo tanto as ofertas presentadas polo licitador que obtivo a mellor puntuación (CHARONE,S.L.U) no lote 1 – CAM A Fonsagrada e lote 2- CAM Pol encóntranse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, segundo comprobación realizada, neste mesmo acto.

Na proposición da mercantil CHARONE,SLU, detectouse algunha incidencia na súa sinatura: a mesa entende en principio– e de existir- aquela, que debe entenderse subsanable, posto que a proposición consta presentada, en prazo e a través da plataforma do sector público, de modo que existe garantía da súa trazabilidade e que non pode ser alterada. En caso de faltar algunha firma sería subsanable, sen poder cambiar, en absoluto, o contido dese documento.

En canto as ofertas presentadas aos lotes 1 e 2 que se atopan en presunción de anormalmente baixas, ou desproporcionadas resulta necesario aplicar as peculiaridades establecidas no artigo 159.4 da LCSP, para este procedemento abreviado simplificado,



A mesa acorda, por unanimidade, publicar na plataforma de contratación do Sector Público as puntuacións totais e elevar informe–proposta a Presidencia para que adopte a seguinte Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1- CAM A Fonsagrada

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	CHARONE, S.L.U.	90,00 puntos
2	TGTS TEXTIL S.L.	79,85 puntos
3	MERCASE GESTION,SL	77,68 puntos
4	GLOBAL PCH LUGO,SLU	76,63 puntos
5	MONDELO HOSTELERIA,SL	69,57 puntos

Lote 2- CAM Pol

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	CHARONE, S.L.U.	90,00 puntos
2	TGTS TEXTIL S.L.	80,12 puntos
3	GLOBAL PCH LUGO,SLU	76,62 puntos
4	MERCASE GESTION,SL	69,56 puntos
5	MONDELO HOSTELERIA,SL	66,37 puntos

Lote 3- CAM Trabada

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	CHARONE, S.L.U.	90,00 puntos
2	TGTS TEXTIL S.L.	87,29 puntos
3	GLOBAL PCH LUGO,SLU	82,82 puntos
4	MERCASE GESTION,SL	75,32 puntos
5	MONDELO HOSTELERIA,SL	74,95 puntos

Non obstante, esta clasificación queda condicionada a que as ofertas que se atopan incursas en situación de desproporcionada ou anormalmente baixas (lote 1 – CAM A Fonsagrada e lote 2 - CAM Pol), xustifiquen as mesma en termos tales que podan ser admitidos.

Conceder o trámite de xustificación da oferta presentada por un prazo non superior a 5 días hábiles, ao licitador que obtivo a mellor puntuación (CHARONE, S.L.U.) no lote 1 – CAM A Fonsagrada e lote 2 – CAM Pol, ao encontrarse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación.

Requirir, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado(ROLECE), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa que obtivo maior puntuación no lote 1- CAM A Fonsagrada, lote 2 – CAM Pol e lote 3 – CAM Trabada que foi a mercantil CHARONE,S.L.U.

A empresa propostas como adxudicataria para os tres lotes presenta a documentación requirida, o día 6 de maio de 2019 e 7 de maio de 2019.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 8 de maio do 2019, nela deuse do informe do Servizo de Contratación e Fomento relativo a conta de erro aritmético na tramitación do expediente sen afectar ao resultado da adxudicación.

“(…)

É polo que proponse rectificar o contido da acta de data 17/04/2019 e onde di:

(....)

Procedese a continuación a comprobar as proposicións económicas e documentos relativos as ofertas, tanto o prezo, como as etiquetas avaliáveis con puntuación.

Lote 1 – CAM A Fonsagrada

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Oferta económica	6.251,00	7.341,59	7.242,53	8.087,02	7.045,93
Etiqueta comercio xusto	NON	NON	NON	NON	NON
Etiqueta elabor. ecolóxica	NON	NON	NON	NON	NON



Lote 2- CAM Pol

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Oferta económica	7.030,80	8.259,03	9.096,49	9.534,11	7.897,82
Etiqueta comercio xusto	NON	NON	NON	NON	NON
Etiqueta elabor. ecolóxica	NON	NON	NON	NON	NON

Lote 3 – CAM Trabada

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Oferta económica	6.680,80	7.259,59	7.983,27	8.022,34	6.888,55
Etiqueta comercio xusto	NON	NON	NON	NON	NON
Etiqueta elabor. ecolóxica	NON	NON	NON	NON	NON

Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións (criterios matemáticos e/ou automáticos), obtivéronse os seguintes resultados:

LOTE 1 . CAM A FONSAGRADA			CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
	Ptos. Max.	Imp. Max.	OFERTA				
1. OFERTA ECONÓMICA	90	11.244,71	6.251,00	7.341,59	7.242,53	8.087,02	7.045,93
2. Mellora impacto social e ambiental	10		-	-	-		-
			VALORACION				
			90,00	76,63	77,68	69,57	79,85
			-	-	-	-	-
			90,00	76,63	77,68	69,57	79,85

LOTE 2 . CAM POL			CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
	Ptos. Max.	Imp. Max.	OFERTA				
1. OFERTA ECONÓMICA	90	12.649,88	7.030,80	8.259,03	9.096,49	9.534,11	7.897,82
2. Mellora impacto social e ambiental	10		-	-	-	-	-
			VALORACION				
			90,00	76,62	69,56	66,37	80,12
			-	-	-	-	-
			90,00	76,62	69,56	66,37	80,12

LOTE 3 . CAM TRABADA			CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
	Ptos. Max.	Imp. Max.	OFERTA				
1. OFERTA ECONÓMICA	90	11.119,11	6.680,80	7.259,59	7.983,27	8.022,34	6.888,55
2. Mellora impacto social e ambiental	10		-	-	-	-	-
			VALORACION				
			90,00	82,82	75,32	74,95	87,29
			-	-	-	-	-
			90,00	82,82	75,32	74,95	87,29

As ofertas presentadas considéranse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, previsto no art. 149.4 da LCSP, se están por debaixo dos seguintes importes:

Lote 1 CAM A Fonsagrada	6.273,24 €
Lote 2 CAM Pol	7.263,93 €
Lote 3 CAM Trabada	6.630,22 €
(...)	

E substituílo polo seguinte:

(...)

Procedese a continuación a comprobar as proposicións económicas e documentos relativos as ofertas, tanto o prezo, como as etiquetas avaliadas con puntuación.

Lote 1 – CAM A Fonsagrada

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Oferta económica	7.563,71	8.883,32	8.763,46	9.785,29	8.525,57
Etiqueta comercio xusto	NON	NON	NON	NON	NON
Etiqueta elabor. Ecolóxica	NON	NON	NON	NON	NON



Lote 2- CAM POL

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Oferta económica	8.507,27	9.993,43	11.006,75	11.536,27	9.556,36
Etiqueta comercio xusto	NON	NON	NON	NON	NON
Etiqueta elabor. ecolóxica	NON	NON	NON	NON	NON

Lote 3 – CAM Trabada

	CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
Oferta económica	8.083,77	8.784,10	9.659,76	9.707,03	8.335,15
Etiqueta comercio xusto	NON	NON	NON	NON	NON
Etiqueta elabor. ecolóxica	NON	NON	NON	NON	NON

Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións (criterios matemáticos e/ou automáticos), obtivéronse os seguintes resultados:

LOTE 1 . CAM A FONSGRADA			CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
	Ptos. Max.	Imp. Max.	OFERTA				
1. OFERTA ECONÓMICA	90	11.244,71	7.563,71	8.883,32	8.763,46	9.785,29	8.525,57
2. Mellora impacto social e ambiental	10		-	-	-		-
			VALORACION				
			90,00	76,63	77,68	69,57	79,85
			-	-	-	-	-
			90,00	76,63	77,68	69,57	79,85

LOTE 2 . CAM POL			CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
	Ptos. Max.	Imp. Max.	OFERTA				
1. OFERTA ECONÓMICA	90	12.649,88	8.507,27	9.993,43	11.006,75	11.536,27	9.556,36
2. Mellora impacto social e ambiental	10		-	-	-	-	-
			VALORACION				
			90,00	76,62	69,56	66,37	80,12
			-	-	-	-	-
			90,00	76,62	69,56	66,37	80,12

LOTE 3 . CAM TRABADA			CHARONE,SLU	GLOBAL PCH	MERCASE	MONDELO	TGTS TEXTIL
	Ptos. Max.	Imp. Max.	OFERTA				
1. OFERTA ECONÓMICA	90	11.119,11	8.083,77	8.784,10	9.659,76	9.707,03	8.335,15
2. Mellora impacto social e ambiental	10		-	-	-	-	-
			VALORACION				
			90,00	82,82	75,32	74,95	87,29
			-	-	-	-	-
			90,00	82,82	75,32	74,95	87,29

As ofertas presentadas considéranse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, previsto no art. 149.4 da LCSP, se están por debaixo dos seguintes importes:

LOTE 1 CAM A Fonsagrada	7.590,61 €
LOTE 2 CAM Pol	8.789,36 €
LOTE 3 CAM Trabada	8.022,57 €
(...)	

Entendese, por tanto, este erro como material por ser un erro patente, non sometido a opcións, non cualificador de aspectos xurídicos, nin ser cuestionable por tratarse de cuestións opinables ou que esixen unha valoración xurídica. Se trata dun erro que, unha vez corrixido, non cambia o contido do acto administrativo no que se produciu o erro. Dedúcese do conxunto de datos e antecedentes incorporados ao expediente e formúlase por razóns de claridade e transparencia.”

A mesa de contratación, por unanimidade asume e fai seu o contido do informe.

Con data de 8 de maio de 2019, a Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade, emite informe sobre a non cualificación como anormal ou desproporcionada da oferta presenta pola empresa proposta como adxudicataria dos lotes 1 e 2, por entender xustificada a contía económica das ofertas presentadas e súa viabilidade.



A cláusula 2 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares establece que o órgano de contratación que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de prescricións técnicas, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O Artigo 59, apartado 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza administrativa de carácter xeral, e queda sen valor legal algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011..”.

En base ao que vai dito, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa CHARONE, SLU, a contratación do subministro de lencería para os centros de atención a persoas maiores dos municipios de A Fonsagrada, Pol e Trabada. Lotes 1, 2 e 3.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese á prestación do obxecto do contrato con un prazo de execución de quince días e por un importe de:

LOTE	IMPORTE	IVE	TOTAL
LOTE 1 CAM A FONSGRADA	6.251,00	1.312,71	7.563,71
LOTE 2 CAM POL	7.030,80	1.476,47	8.507,27
LOTE 3 CAM TRABADA	6.680,80	1.402,97	8.083,77

3º.- Determinar que o prezo contractual financiarase das cantidades financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

LOTES	APLICACIÓN	IMPORTE
LOTE: 1 - CAM A FONSGRADA	2315.625	7.563,71
LOTE: 2 - CAM POL	2315.625	8.507,27
LOTE: 3 - CAM TRABADA	2315.625	8.083,77
SUMA		24.154,75

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

Entregar a subministración no prazo máximo de 15 días, desde o día seguinte a sinatura da acta de inicio correspondente.

A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervéñ nesta contratación. Terá a obriga de acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar declaración responsable, de cumprir con todas e cada unha destas obrigas (nos termos do art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro). A Administración resérvase a facultade de solicitar os TC2 e as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. A comprobación do exposto corresponde ao responsable do contrato asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento. Este trámite efectuarase ao tempo de emitir o informe previsto na cláusula 29 deste PCAP.

Remitir ao Órgano de Contratación e ao responsable do contrato, no prazo máximo de 5 días contados a partir do seguinte á sinatura da acta de inicio, a cadea de mando da empresa e o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

Cumprir coas melloras ofrecidas (melloras ambientais), ao establecerse como criterio de adxudicación na cláusula 12ª deste PCAP.

5º.- O contrato terá unha duración máxima de 1 mes, sendo prazo de execución para entregar, no respectivo centro de atención a persoas maiores, de quince días, contados dende o día seguinte a orde de inicio, para cada lote.

6º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Vistos o Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como as propostas do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-2901 "LU-232-O Burgo-Palas de Rei N-547)", P.K. 0+000 al 3+300, LU-P-2902 "Lugo-Ponte de Ombreiro (LU-234)", P.K. 7+500 al 8+175, LU-P-2903 "Carballido (LU-232)-Santalla de Bóveda-Poutomillos (LU-P-2901)", P.K. 0+000 al 2+300, LUP-2910 "Tolda de Castela (N-VI)-Canteiras de Buratai", P.K. 1+620 al 2+150 y LU-P-2913 "Coeses (LU-P-2907-Terlama)", P.K. 1+100 al 4+300. LUGO.

Contratista: Explotaciones Gallegas, S.L.

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-0408 "Córneas (LU-P-0401)-Freixo-A Lastra (LU-530)", 5+195 al 11+157 y LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)-O Ventorrillo-Chao de Vaga (LU-P4606)", 4+355 al 4+960 y 10+500 al 11+500. FONSAGRADA Y BALEIRA.

Contratista: Explotaciones Gallegas, S.L.

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-1109 "Dumpin (LU-113)-Cornide-Arcos (LU-115)", P.K. 1+773 al 3+723, LU-P-3907 "Arcos (LU-P-1109)-Vilar-Ceao", P.K. 3+155 al 4+075 y LU-P-3908 "Ramil-Martul-LU-P-2905", P.K. 0+000 al 3+425.

Contratista: Desarrollos y Metas S.L.

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N120A-Currelos (LU-611)", P.K. 14+500 al 22+340. O SAVIÑAO.

Contratista: Construcciones Leonardo Miguélez SL.

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-5601 "Samos (LU-633)-Courel (LU-P-1301) e ramal a Sta. Mariña", P.K. 7+830 al 10+000 y LU-P-5603 "Aira Padrón (LU-P-5601)-Ponte Louzara-Praducelo (LU-P-5601)", P.K. 0+000 al 2+800. SAMOS.

Contratista: Grupo Bascuas 2008, S.L.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS, PROTOCOLOS, E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa á modificación ao convenio interadministrativo entre esta Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución de fins comúns consistentes en:*

a) *Mellora da rede viaria municipal: mellora das rúa Carlos Casares, rúa Avelino Cachafeiro, rúa Jacinto Benavente, rúa Juan Ramón Jiménez, rúa Rosalía de Castro, rúa Ramón y Cajal, rúa Padre Feijoo, rúa Juan Montes e rúa Miguel de Cervantes; b) Renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Conde Froila Días e rúa Pero de Ver; c)*



Renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Pantón, rúa Perfecto, rúa do rio, Rúas Courel e Ribas de Sil e rúa Conde Diego de Lemos;d)Renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Ourense (tramos cruce rúa do Río-rotonda LU-664); e)Renovación de capa de rodadura en 6 vías urbáns de Monforte de Lemos: rúa Abeledos, rúa Corredoira, rúa Veiguiña, rúa Ferrol, rúa san Lázaro e rúa Pinguela.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes na execución dos investimentos indicados, que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 13 de xullo de 2018, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: a) mellora da rede viaria municipal: mellora das rúa Carlos Casares, rúa Avelino Cachafeiro, rúa Jacinto Benavente, rúa Juan Ramón Jiménez, rúa Rosalía de Castro, rúa Ramón y Cajal, rúa Padre Feijoo, rúa Juan Montes e rúa Miguel de Cervantes; b) renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Conde Froila Días e rúa Pero de Ver; c) renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Pantón, rúa Perfecto, rúa do Rio, rúas Courel e Ribas de Sil e rúa conde Diego de Lemos; d) renovacion de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Ourense (tramos cruce rúa do Río-rotonda LU-664); e) renovación de capa de rodadura en 6 vías urbáns de Monforte de Lemos: rúa Abeledos, rúa Corredoira, rúa Veiguiña, rúa Ferrol, rúa San Lázaro e rúa Pinguela.

En data 23 de xullo de 2018, asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte De Lemos, no que entre outros se recollía na cláusula primeira, relativa ás obrigas do Concello de Monforte de Lemos:

“(…)

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
-MELLORA DE RUAS DE TITULARIDAD MUNICIPAL: RÚA CARLOS CASARES, AVELINO CACHAFEIRO, JACINTO BENAVENTE, JUAN RAMON JIMENEZ, ROSALIA DE CASTRO, RAMON Y CAJAL, PADRE FEIJOO, JUAN MONTES E MIGUEL DE CERVANTES. HONORARIOS	87.200,00 €	48.405,82 € 9.116,36 €	144.722,18€
-RENOVACION DE PAVIMENTOS E SINALIZACION HORIZONTAL DE VIAS: RÚA CONDE FOILA DIAZ E RÚA PERO DE VER HONORARIOS	8.500,00 €	4.772,31 € 2.238,50 €	15.510,81€
RENOVACION DE PAVIMENTOS E SINALIZACION HORIZONTAL DE VIAS: RUA PANTON, RÚA PERFECTO, RÚA DO RÍO, RÚAS COUREL E RIBAS DE SIL E RÚA CONDE DIEGO DE LEMOS HONORARIOS	29.000,00 €	16.206,75 € 2.994,75 €	48.201,50 €
RENOVACION DE PAVIMENTOS E SINALIZACION HORIZONTAL DE VIAS: RUA OURENSE (TRAMOS CRUCE RUA DO RÍO-ROTONDA LU-664) HONORARIOS	37.300,00 €	20.773,74 € 2.994,75 €	61.068,49€
RENOVACION DE CAPA DE RODADURA EN 6 VIAS URBANS DE MONFORTE: RÚA ABELEDOS, RÚA CORREDOIRA, RÚA VEIGUIÑA, RÚA FERROL, RÚA SAN LÁZARO E RÚA PINGUELA. HONORARIOS	88.000,00 €	48.936,33 € 7.325,16 €	144.261,49 €
TOTAL	250.000,00 €	163.764,47 €	413.764,47 €

(...)”

E na cláusula terceira:

“En caso de producirse baixas na licitación, previa solicitude do Concello, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutro investimento que deberá ser coa mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas, ou ben reducir a cantidade estipulada como financiamento comprometido polo propio Concello...”

Don José Tomé Roca, Alcalde do Concello de Monforte de Lemos, achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 30 de abril de 2019, a través do que manifesta que na adxudicación das obras incluídas no Convenio se produciu unhas baixas por importe de



55.349,37€, e tendo en conta o establecido no convenio asinado, solicita “... aplicar o importe de 8.738,09€ á financiación do proxecto “proxecto de eliminación de barreiras arquitectónicas e construción de beirarrúa na rúa Ferrol” e a diminuír a aportación municipal no importe de 46.611,28€ ...”

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.



Consecuencias aplicables no caso de incumplimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumplimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados



3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, ocúpase do obxecto no seu artigo 1 sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que,



estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso aplicarase o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 –cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Monforte de Lemos, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, respetará a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as determinacións legais para cada investimento, sendo responsabilidade do Concello de Monforte de Lemos tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns as dúas entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

O concello de Monforte de Lemos será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión incorporados ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Á presente modificación ao convenio de referencia non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”. En concordancia este precepto, co previsto no artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistema de cooperación horizontal, sen que o resultado desa cooperación se poda calificar de contractual.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.



Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unanimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2019, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia, o convenio, neste momento, está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a baixa producida na licitación das obras a) mellora da rede viaria municipal: mellora das rúa Carlos Casares, rúa Avelino Cachafeiro, rúa Jacinto Benavente, rúa Juan Ramón Jiménez, rúa Rosalía de Castro, rúa Ramón y Cajal, rúa Padre Feijoo, rúa Juan Montes e rúa Miguel de Cervantes; b) renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Conde Froila Días e rúa Pero de Ver; c) renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Pantón, rúa Perfecto, rúa do Río, rúas Courel e Ribas de Sil e rúa Conde Diego de Lemos; d) renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Ourense (tramos cruce rúa do río- rotonda LU-664); e) renovación de capa de rodadura en 6 vías urbáns de Monforte de Lemos: rúa Abeledos, rúa Corredoira, rúa Veiguiña, rúa Ferrol, rúa San Lázaro e rúa Pinguela, por importe de 55.349,37€ se destine a financiar o investimento de eliminación de barreiras arquitectónicas e construción de

beirarrúa na rúa Ferrol, por importe de 8.738,09€ e o resto a minorar a aportación municipal no importe de 46.611,28€.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto propónse:

Que se aprobe a modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: a) mellora da rede viaria municipal: mellora das rúa Carlos Casares, rúa Avelino Cachafeiro, rúa Jacinto Benavente, rúa Juan Ramón Jiménez, rúa Rosalía de Castro, rúa Ramón y Cajal, rúa Padre Feijoo, rúa Juan Montes e rúa Miguel de Cervantes; b) renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Conde Froila Días e rúa Pero de Ver; c) renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Pantón, rúa Perfecto, rúa do Río, rúas Courel e Ribas de Sil e rúa Conde Diego de Lemos; d) renovación de pavimentos e sinalización horizontal de vías: rúa Ourense (tramos cruce rúa do río- rotonda LU-664); e) renovación de capa de rodadura en 6 vías urbáns de Monforte de Lemos: rúa Abeledos, rúa Corredoira, rúa Veiguiña, rúa Ferrol, rúa San Lázaro e rúa Pinguela, por importe de 55.349,37€ se destine a financiar o investimento de eliminación de barreiras arquitectónicas e construción de beirarrúa na rúa Ferrol, por importe de 8.738,09€ e o resto a minorar a aportación municipal no importe de 46.611,28€”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Ribadeo coa finalidade común de colaborar na reconstrución do terreo de xogo do estadio municipal Pepe Barrera de Ribadeo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, coa finalidade común de colaborar na reconstrución do terreo de xogo do estadio municipal Pepe Barrera de Ribadeo que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribadeo.

D. Fernando Suárez Barcia, Alcalde do Concello de Ribadeo achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público) de data 06/05/2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e proxecto e memoria social e acreditación do carácter municipal do estadio, para a realización conxunta entre o Concello de Ribadeo e a Deputación de Lugo, das actuacións de: Reconstrución do terreo de xogo do estadio municipal Pepe Barrera de Ribadeo, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos cos investimentos que se articulan neste convenio.

Esta documentación complementouse con outra xustificativa adicional datada do 08 de maio de 2019.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Ribadeo e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Reconstrución do terreo de xogo do estadio municipal Pepe Barrera de Ribadeo. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos e actuacións:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ACHEGAS (XUNTA DE GALICIA)
RECONSTRUCCIÓN DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL PEPE BARRERA DE RIBADEO	140.000,00€	235.582,67€	46.250,00€
TOTAL	421.832,67€		

O concello de Ribadeo achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a licitar, recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e



deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos

gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.



En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas

administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de reconstrución do terreo de xogo do estadio municipal.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No



mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial”.

O municipio de Ribadeo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

O artigo 8 da citada Lei 3/2012, do 2 abril, do deporte de Galicia, as competencias dos concellos nos termos desta Lei, da lexislación de réxime local e sectorial e estatal “(...) 1) Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar; (...); 3) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Ribadeo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.



Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Ribadeo, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE RIBADEO	OUTRAS FONTES (XUNTA DE GALICIA)
2019	140.000,00€	235.582,67€	46.250,00€
TOTAL		421.832,67€	

Concello de Ribadeo: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficos rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de Ribadeo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.



Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribadeo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de reconstrución do terreo de xogo do estadio municipal Pepe Barrera de Ribadeo , con un orzamento total de 421.832,67 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 140.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Alfoz coa finalidade común de colaborar na reforma de instalación eléctrica campo fútbol municipal, incluído honorarios (redacción proxecto e dirección obra).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz, coa finalidade común de colaborar na reforma de instalación eléctrica campo fútbol municipal, incluído honorarios (redacción proxecto e dirección obra) que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz.

D. Jorge Val Díaz, Alcalde do Concello de Alfoz achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público) de data 08/04/2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e proxecto para a realización conxunta entre o Concello de Alfoz e a Deputación de Lugo, das actuacións de: Reforma de instalación eléctrica campo fútbol municipal, incluído honorarios (redacción proxecto e dirección obra), nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos co investimento que se articula neste convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Alfoz e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Reforma de instalación eléctrica campo fútbol municipal, incluído honorarios (redacción proxecto e dirección obra). Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
REFORMA DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA CAMPO FÚTBOL MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS (REDACCIÓN PROXECTO E DIRECCIÓN OBRA)	91.517,70€	--
TOTAL	91.517,70€	

O concello de Alfoz aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir



a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.



Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración

local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de reforma da instalación eléctrica do campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre



obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial”.

O municipio de Alfoz é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a

satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

O artigo 8 da citada Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, enumera as competencias dos concellos, nos termos desta Lei e da lexislación de réxime local e sectorial estatal, (...), 1) Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar, (...), 3) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Alfoz, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola



causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Alfoz, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
2019	91.517,70

Concello de Alfoz: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficos rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os

consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de Alfoz será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de



marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Alfoz coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de reforma de instalación eléctrica campo fútbol municipal, incluído honorarios (redacción proxecto e dirección obra), cun orzamento total de 91.517,70 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 91.517,70 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Asociación de Vecinos "Os Fanagueiros" de Eirexalba, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Cerrramento das catro fachadas da pista polideportiva de Eirexalba” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Vecinos “Os Fanagueiros” de Eirexalba, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Cerramento das catro fachadas da pista polideportiva de Eirexalba”, na lugar de Eirexalba (O Incio), polo importe de 46.168,53€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 23.084,27€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.



A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.2– Deportes, pertencente á área funcional de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportesdo vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico a promoción e difusión do deporte e da súa práctica por todos os sectores da poboación e dentro do ámbito provincial: satisfacer as demandas deportivas do conxunto da cidadanía e a potenciación e mellora do deporte na provincia de Lugo en todas as súas vertentes, fomentando, promovendo e difundindo o deporte e a súa práctica, mediante axudas para o apoio e colaboración no gasto corrente e/ou investimentos e bolsas a deportistas individuais.

O obxecto que se persegue con esta subvención é dotar ao lugar de Eirexalba, no concello de O Incio, dunha pista polideportiva pechada, apta para a práctica de actividades deportivas, culturais e de lecer dos veciños do lugar e de todo o municipio, durante todo o ano, superando as limitacións da existente na actualidade nas situacións de mal tempo ou mesmo para eventos que se executen sen luz natural.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 46.168,53€ a favor da entidade Asociación de Vecinos “Os Fanagueiros” de Eirexalba para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Cerrramento das catro fachadas da pista polideportiva de Eirexalba”, subvención incluída na Liña 4.2 – Deportes, pertencente á área funcional de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportesdo vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobado o gasto de 46.168,53€ con cargo á aplicación orzamentaria 3410.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación de Vecinos “Os Fanagueiros” de Eirexalba, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Cerrramento das catro fachadas da pista polideportiva de Eirexalba”.

3º.-Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Federación de AA.VV de Lugo *Lucus Augusti*, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Programa de igualdade e loita contra a violencia de xénero“, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Sr. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Federación de AA.VV de Lugo *Lucus Augusti*, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Programa de Igualdade e loita contra a violencia de xénero“, polo importe de 29.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2017.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.



Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017 e actualizado con data 8 de febreiro de 2019, en concreto, encádrase nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais da liña 3.2.3. Promoción da Igualdade, xestionada actualmente dende Benestar Social da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo, xa que na mesma se recolle como obxectivos promover e fomentar a igualdade, coa finalidade de avanzar na igualdade real entre mulleres e homes e lograr unha sociedade máis igualitaria en todos os ámbitos, favorecendo a autonomía persoal e a superación das desigualdades por razón de sexo e xénero en todos os ámbitos da sociedade, eliminando as discriminacións persistentes, a través desta actividade encamiñada a superación de roles e estereotipos en función do sexo baseados nunha concepción patriarcal das relacións de xénero, e que axudan a perpetuar certas desigualdades en función do xénero, restrinxindo a participación das mulleres en determinados ámbitos da vida política, social e económica. Isto é a posta en valor das mulleres no mundo empresarial tradicionalmente masculinizado e con altos niveis de patriarcado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa excepcional, por importe de 29.000,00 €, a favor da Federación de AA.VV de Lugo *Lucus Augusti*, para sufragar gastos derivados da actuación “Programa de Igualdade e loita contra a violencia de xénero” subvención incluída nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais, da liña 3.2.3.

Promoción da Igualdade, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 29.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2311.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da Federación de AA.VV de Lugo *Lucus Augusti*, para sufragar os gastos derivados da actuación “Programa de Igualdade e loita contra a violencia de xénero“, no ano 2019.

3º.-Aprobar o convenio e anexos a través do que se instrumenta a citada subvención”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Protocolos xerais de actuación entre esta Deputación de Lugo e os concellos de Sarria, Monforte de Lemos, e Chantada (e respectivas comarcas do entorno territorial destes, segundo anexos de adhesión) para a construción de establecementos de garda e custodia de animais domésticos abandonados: acción colaborativa prestacional para a recollida, garda e custodia dos animais de compañía.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Ante as necesidades manifestadas polos alcaldes dos Concellos de Sarria, Monforte de Lemos e Chantada (e as Alcaldías dos Concellos limítrofes, xunto coas propias sociedades protectoras de animais), despois de diversas reunións mantidas, polo ente provincial, con representantes dos Concellos de Sarria, Monforte de Lemos e Chantada (e outros do ámbito territorial destes), tal e como se indica no Informe da Área de Medio Ambiente.

Tras constatar a demanda de cooperación a esta Deputación Provincial, no relativo a materias de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, existe a vontade de encamiñar unha actuación de tipo colaborativo a través dun instrumento como é o protocolo xeral.



A utilización deste documento de protocolo xeral (documento de intencións), conta con precedentes, xa utilizados con outros concellos, en relación con diferentes actuacións a desenvolver nos mesmos; por exemplo, en relación cos centros de atención a persoas maiores.

O documento analizado detalla os fins comúns perseguidos, con fundamento na lexislación de réxime local, sobre réxime xurídico do sector público e protección e benestar dos animais. Sublíñanse as competencias municipais en materia de defensa e protección dos animais por parte do Concello (art. 6.1 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, entre outros), as competencias da Deputación Provincial en cooperación aos municipios do seu territorio e o reforzamento das relacións interadministrativas en materia, a través do deber de colaboración e das técnicas de cooperación.

Os mesmos documentos recollen igualmente a vontade común de impulsar un sistema de coordinación e cooperación interadministrativa, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais: singularmente cos Concellos de Sarria, Monforte de Lemos e Chantada (e respectivas comarcas do entorno territorial destes, segundo anexos de adhesión), para fornecer a construción dun establecemento de garda e custodia de animais domésticos abandonados: acción colaborativa prestacional para a recollida, garda e custodia dos animais de compañía, coa maior brevidade posible.

Os protocolos concretan a súa vixencia e definen a súa natureza xurídica, os fins e a vontade común.

Fins comúns das partes:

O Parlamento de Galicia, en execución das competencias que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia lle atribúen a Comunidade Autónoma Galega, aprobou a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. Esta lei ten por obxecto establecer as normas que garantan a protección e o benestar, así como a posesión e a tenza responsable dos animais de compañía, incluíndo os silvestres mantidos en cativeiro con fins distintos dos produtivos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei galega vixente, co precedente da xa derogada Lei 1/1993, álzase como unha resposta de carácter normativo para a protección e defensa dos animais que viven no contorno humano e co obxectivo fundamental de:

- a) Darlles amparo e salvagarda, mediante a regulación das mínimas atencións hixiénico-sanitarias que deban recibir.
- b) Establecer as obrigas das persoas posuidoras
- c) Dos centros de recollida
- d) Dos albergues ou das instalacións para o seu mantemento temporal.

Todo este conxunto de actuacións, co fin de garantir unhas condicións mínimas de bo trato animal.

A Deputación de Lugo e o Concello de Sarria (e municipios dese ámbito territorial, segundo anexos de adhesión) que participan neste Protocolo Xeral, manifestan expresamente a firme convicción de levar a cabo o mandato establecido nas diversas normas sectoriais de protección e benestar animal, tendo como un dos fins recollidos taxativamente na lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (artigo 3): “1.-Acadar o máximo nivel de protección e benestar dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei, consonte á súa condición de seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica. 2.- Fomentar o coñecemento do mundo animal que contribúa a unha conduta máis responsable e cívica das persoas no respecto, a defensa e a preservación dos animais, así como na súa tenza, acorde coas necesidades fisiolóxicas e etiolóxicas deles. (...)5.- Impulsar e promover a identificación dos animais para combater o abandono e o maltrato destes”.

A Deputación Provincial de Lugo xunto co Concello de Sarria (e entorno, segundo anexos de adhesión), acometen un ambicioso proxecto de construción dun establecemento de garda e custodia de animais domésticos abandonados así como a posta en marcha dun conxunto de actividades prestacionais, do seu respectivo ámbito territorial, consistentes en recollida, acollida, coidado e benestar de tales seres vivos.



Existe unha necesidade real e efectiva destes recursos: o aumento notorio no abandono de animais domésticos, con todas as implicacións que a nivel social e de seguridade levan consigo, fan preciso a adopción de medidas tales como a construción de establecementos adecuados para poder levar a cabo a garda e custodia destes seres abandonados. A construción, o continente, como elemento físico imprescindible, complementarase e integrarase coa actividade prestacional comarcal de recollida, garda, custodia e funcións de benestar. Con todo, en oposición ao temor xeneralizado de que os animais abandonados son un foco de risco, a posta en funcionamento do centro de garda e custodia así como a súa recollida, mostrase como medio acaído para paliar este crecente problema social.

O abandono é un problema que afecta a animais domésticos, sendo os mais prexudicados os que cumpran coas seguintes premisas; idade avanzada, non ter pedigree, problemas económicos por parte da familia dona ou posuidora, non ser útiles para o fin polo que foron comprados/posuídos/adoptados como a caza, a garda da casa familiar, o comportamento problemático, a perda de interese polo animal, camadas inesperadas...

A entrada en vigor da Lei 4/2017, do 3 de outubro, establece un sistema de organización e competencias baseado en:

De un lado o artigo 5 da lei 4/2017 recolle que: “todas as administracións públicas de Galicia cooperarán no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e na denuncia ante os órganos competentes de calquera actuación contraria ao disposto na mesma”.

De outro, o artigo 6.1, na esfera local, precisa: “Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal.”

E tamén: os sistemas colaborativos, de carácter interadministrativo ou con asociacións de protección e defensa dos animais, nas tarefas, atribuídas aos concellos, de recollida e acollemento dos animais vagabundos e extraviados.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a protección del medio ambiente (Art. 25.2 letra b).

O artigo 25.1 da LBRL, di:

“1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar los servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos; en especial, “a realización de obras en todo o territorio provincial” (letra e). E, por último, o artigo 30.6 e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRLRL) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a de execución de obras e instalación de servizos.

O art. 36.1 LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguintes:

“(…)

b) A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención.

(…)



d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

(...)”.

En aplicación do artigo 36.2, letra d) da LBRL: “A Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles llas encomenden”. Esta actividade desenvólvese precisamente para a efectividade das competencias do artigo 36.1 LBRL

A LALGA, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o artigo 109.1 b): “Prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”.

Os artigos 114 e 115 da LALGA regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste protocolo.

As determinacións competenciais das Entidades locais, efectuada pola lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Entre outras leis autonómicas, convén citar a mencionada Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, tal é a protección e o benestar, a posesión e tenza responsable de animais de compañía (incluídos os silvestres en actividades sen fins produtivos) no ámbito territorial dos concellos incorporados ao sistema colaborativo en cuxos alicerces asentase este protocolo xeral.

Ante as necesidades manifestadas pola Sra. Alcaldesa do Concello de Sarria (e as alcaldías de Concellos limítrofes, xunto coas propias sociedades protectoras de animais), despois de diversas reunións mantidas, polo ente provincial, con representantes do Concellos de Sarria e outros dese ámbito territorial. Tras constatar a demanda de cooperación a esta Deputación Provincial, no relativo as materias reflectidas e que emanan do articulado da lei 4/2017 de 3 de outubro de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, expresase o desexo de articular e canalizar unha acción colaborativa, institucionalizada na materia, partindo deste documento.

Impulsar a coordinación e cooperación interadministrativa, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas socias: singularmente cos Concellos de Sarria, Monforte de Lemos e Chantada (e territorios inmediatos segundo anexos de adhesión), co obxectivo de construír un establecemento de garda e custodia de animais domésticos abandonados e a posta en marcha dun servizo comarcal de recollida destes animais.

Procurar, en común acordo cos Concellos adheridos nesta iniciativa, alternativas para a posta en marcha dunha actividade prestacional de lacería e custodia de animais, que cumpra a normativa vixente; dando resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada ordenación dos recursos dispoñibles, asistindo e cooperando cos concellos, respectando os seus títulos competenciais e a súa autonomía de decisión.

Minorar os custos derivados da prestación illada.

Impulsar un control e unha inspección pública permanente dos establecementos de garda e custodia de animais abandonados, así como da actividade prestacional de recollida destes animais e os programas e actuacións que se desenvolven neles.

Postular, que o persoal técnico dos Concellos e da Deputación, traballen en rede cooperativa, formando grupos de traballo para a elaboración dos documentos técnicos necesarios para axilizar a posta en funcionamento dos respectivos establecementos e das actividades de recollida e acollida: tramitación de autorizacións administrativas necesarias, normas de acceso e funcionamento internos, estudos de viabilidade; financiamento, custes.



Elaborar os respectivos convenios de cooperación ou colaboración para someter á aprobación dos órganos competentes de cada administración. Estes convenios fixarán, co contido que marca a LRXSP para os convenios interadministrativos, as competencias dos Concellos e da Deputación (cooperación) para realizar a actividade prestacional; as obrigas asumidas por cada parte; o sistema de financiamento coa determinación das respectivas aportacións; o obxecto e fins; as prestacións respectivas; a duración dos convenios; a súa posible modificación; a extinción e efectos, xunto ao seu réxime xurídico.

Na execución da actividade prestacional atribuída aos Concellos polo artigo 22 e concordantes da Lei 4/2017, do 3 de outubro, con cooperación do ente provincial, no marco dunha acción colaborativa non institucionalizada (sen necesidade de crear personificacións) poderán participar as asociacións de protección e defensa dos animais, cualificadas como entidades colaboradoras ou ben que asuman o compromiso de acadar ese “*status*”.

Vixencia e natureza xurídica destes protocolos xerais

Os presentes protocolos terán vixencia dende a data da súa formalización ata o cumprimento dos parámetros expostos en cada un deles; nomeadamente, no momento en que se formalicen os respectivos convenios de cooperación/ colaboración previstos neles.

No suposto de que durante a vixencia destes protocolos cambiasen as condicións contempladas nestes, as partes de mutuo acordo, subscribirán as correspondentes addendas.

A natureza xurídica destes documentos é a de protocolos xerais de actuación que expresan a vontade da Deputación de Lugo e dos Concellos de Sarria, Monforte de Lemos e Chantada (e territorios inmediatos segundo anexos de adhesión) de participar no fin e obxectivo común de desenvolver a construción dun establecemento de garda e custodia de animais domésticos abandonados e posta en marcha dun servizo comarcal de recollida destes animais. Ao presente protocolo aplícaselle o Réxime Xurídico previsto no Art. 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, para os Protocolos Xerais de Actuación.

Por canto vai dito, propoño:

1º.- Aprobar os textos dos Protocolos Xerais de actuación a celebrar entre a Deputación de Lugo e os Concellos de Sarria, Monforte de Lemos e Chantada (xunto co modelo de adhesión para os Concellos dos respectivos ámbitos territoriais), para impulsar a construción de establecementos de garda e custodia de animais domésticos abandonados: acción colaborativa prestacional para a recollida, garda e custodia dos animais de compañía.

2º.- Convocar para a súa sinatura aos Alcaldes dos Concellos de Sarria, Monforte de Lemos e Chantada”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- RECTIFICACIÓN DE ERRO, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 8 de maio de 2019 emitido polo servizo de Contratación e Fomento relativo á procedencia da rectificación de erros do acordo de adxudicación do contrato do “Servizo de seguridade e vixilancia dos distintos edificios e dependencia da Deputación”, que di:

En relación ao contrato administrativo do “servizo de seguridade e vixilancia dos distintos edificios e dependencia da Deputación” adxudicado pola Xunta de Goberno celebrada o 23 de novembro de 2019 á empresa ILUNIÓN SEGURIDAD, S.A. por un importe total de 3.496.349,35€ (IVE engadido) e duración de tres anos, o servizo de Intervención en informe de data 8 de maio de 2019, aprecia un erro de cálculo no reparto dos custes por centro, polo que informan para a súa emenda. O dito acordo en relación aos créditos precisos para a financiación das prestacións, dicía:



DEPUTACIÓN DE LUGO

PAZO PROVINCIAL			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	RC
9200.22701	2019	265.256,37	22018/13912
9200.22701	2020	265.256,37	220189/155
9200.22701	2021	265.256,37	220189/155
SUMA		795.769,11	
PAZO DOS DEPORTES			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	RC
3420.22701	2019	215.491,66	22018/13913
3420.22701	2020	215.491,66	220189/156
3420.22701	2021	215.491,66	220189/156
SUMA		646.474,98	
SANTA MARIA			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	RC
9200.22701	2019	229.593,60	22018/13914
9200.22701	2020	229.593,60	220189/157
9200.22701	2021	229.593,60	220189/157
SUMA		688.780,80	
MUSEO PROVINCIAL			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	RC
3330.22701	2019	287.633,01	22018/13915
3330.22701	2020	287.633,01	220189/159
3330.22701	2021	287.633,01	220189/159
SUMA		862.899,03	

MUSEO PAZO DE TOR			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	RC
3332.22701	2019	108.969,55	22018/13917
3332.22701	2020	108.969,55	220189/160
3332.22701	2021	108.969,55	220189/160
SUMA		326.908,65	
SEGURIDADE E VIAVILIDADE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	RC
4530.22701	2019	35.895,86	22018/13956
4530.22701	2020	35.895,86	220189/161
4530.22701	2021	35.895,86	220189/161
SUMA		107.687,58	

BOLSA MINIMA DE HORAS			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	RC
9200.22701	2019	22.609,74	22018/13957
9200.22701	2020	22.609,73	220189/158
9200.22701	2021	22.609,73	220189/158
SUMA		67.829,20	
TOTAL CONTRATO		3.496.349,35	

No seu lugar seu lugar debe dicir:

PAZO PROVINCIAL			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
9200.22701	2019	265.212,56	220189/427
9200.22701	2020	265.212,56	220189/427
9200.22701	2021	265.212,56	220189/427
SUMA		795.637,68	
PAZO DOS DEPORTES			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
3420.22701	2019	215.538,70	220189/430
3420.22701	2020	215.538,70	220189/430
3420.22701	2021	215.538,70	220189/430
SUMA		646.616,10	
SANTA MARIA			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
9200.22701	2019	229.573,80	220189/428
9200.22701	2020	229.573,80	220189/428
9200.22701	2021	229.573,80	220189/428
SUMA		688.721,40	
MUSEO PROVINCIAL			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
3330.22701	2019	287.640,99	220189/431
3330.22701	2020	287.640,99	220189/431
3330.22701	2021	287.640,99	220189/431
SUMA		862.922,97	
MUSEO PAZO DE TOR			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
3332.22701	2019	108.929,47	220189/432
3332.22701	2020	108.929,47	220189/432
3332.22701	2021	108.929,47	220189/432
SUMA		326.788,41	
SEGURIDADE E VIAVILIDADE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
4530.22701	2019	35.953,87	220189/433
4530.22701	2020	35.953,87	220189/433
4530.22701	2021	35.953,87	220189/433
SUMA		107.861,61	



BOLSA MINIMA DE HORAS			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
9200.22701	2019	22.600,39	220189/429
9200.22701	2020	22.600,39	220189/429
9200.22701	2021	22.600,39	220189/429
SUMA		67.801,17	
TOTAL CONTRATO		3.496.349,35	

Na proposta de adxudicación figura que o prezo das horas “ofertadas como melloras” e de 13,50€, IVE engadido, e o prezo real é de 13,52€, IVE engadido (segundo a oferta da empresa).

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: “los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa”

A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostuvo que “Quando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina “errores obstativos”, que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el lapsus, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc. Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (*in re, in persona, in causa*) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado”

Argumentos todos eles, coherentes coa modificación que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do acordo aos termos nos que debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro aritmético.”

Polo exposto, con base no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Común das Administracións Públicas, proponse que pola Xunta de Goberno se rectifique este erro, a fin de que o acordo de adxudicación aprobado sexa do seguinte tenor:

1º.- Adxudicar á empresa ILUNION SEGURIDAD, S.A., o contrato doservizo de “Vixilancia e seguridade dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo”, por importe de 2.889.544,92 euros, aos que se engadirán 606.804,43 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.496.349,35euros, de acordo cos términos ofertados na súa proposta económica que se indican a continuación.

EMPRESA	PREZO para 3 anos sen IVE incluído)	PREZO para 3 anos (IVE incluído)	BOLSA HORAS (3anos) -Mínimas obrigatorias. -Ofertadas a maiores como mellora.	MELLORAS SALARIAIS	FORMACIÓN -Mínimas obrigatorias. -Ofertadas a maiores como mellora.
ILUNION SEGURIDAD S.A.	2.889.544,92	3.496.349,35	-3.000 horas obrigatorias + -3.000 horas de mellora (13,52 euros/hora con IVE)	27,79 euros/mes sobre o salario base e por 15 pagas	-20 horas/ano obrigatorias + -20 horas/ano de mellora



O contratista virá obrigado ao cumprimento íntegro da súa oferta económica e técnica presentada en relación aos criterios obxecto de adxudicación, que terán carácter contractual, ao igual que os pregos de condicións reitores, que deberá igualmente cumprir.

Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 221.1.f) da LCSP, e polo tanto terá esta condición as seguintes obrigas:

a) En aplicación do artigo 130 da LCSP o adxudicatario subrogarase nos dereitos e deberes que tivera recoñecidos a entidade que presta actualmente o servizo na Deputación Provincial de Lugo polo que os traballadores adscritos á empresa saínte pasarán a estar adscritos á empresa que resulte adxudicataria segundo se dispón no Convenio Colectivo para o sector das empresas de seguridade, Resolución de 19 de xaneiro de 2018, da Dirección General de Empleo, pola que se rexistra e publica o Convenio colectivo estatal para as empresas de seguridade, período 2017-2020 (BOE de 1 de febreiro de 2018). A estes efectos (acompañase a este prego como Anexo XIII unha relación dos traballadores actuais deste servizo, centro de traballo e data de antigüidade).

b) O cumprimento das condicións ofertadas polo adxudicatario, como fomento da contratación indefinida e calidade do emprego, segundo criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda deste prego.

c) O cumprimento das melloras ofertadas pola adxudicataria como proposta de organización e execución das prestacións.

d) A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que interven no servizo da vixilancia e seguridade. A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación

precedente presentárase coa última factura emitida por cada centro que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

A comprobación do exposto no apartado precedente corresponde ao Responsable do contrato, asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento. Esta determinación é operativa a efectos de aplicar, de ser o caso, a causa de resolución contractual prevista no artigo 211.1 letra i da LCSP.

2º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de tres anos, a contar a partir da subscripción da acta de inicio da prestación do servizo, que se realizará unha vez feitos os trámites precisos para a subrogación do persoal. Se prevé a posibilidade de prórroga por un ano.

A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso prodúzase ao menos con dous meses de antelación a finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obrigaón de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses, todo isto de conformidade con lo disposto no apartado 2 do artigo 29 LCSP.

3º.- Determinar que a financiación das cantidades correspondentes as anualidades do 2018, 2019 e 2020 quedan supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, consonte ao seguinte detalle. Os créditos precisos para este contrato financiaranse con cargo ás aplicación orzamentarias e nas anualidades que se indican a continuación.

PAZO PROVINCIAL			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
9200.22701	2019	265.212,56	220189/427
9200.22701	2020	265.212,56	220189/427
9200.22701	2021	265.212,56	220189/427
SUMA		795.637,68	
PAZO DOS DEPORTES			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
3420.22701	2019	215.538,70	220189/430
3420.22701	2020	215.538,70	220189/430
3420.22701	2021	215.538,70	220189/430
SUMA		646.616,10	



SANTA MARIA			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
9200.22701	2019	229.573,80	220189/428
9200.22701	2020	229.573,80	220189/428
9200.22701	2021	229.573,80	220189/428
SUMA		688.721,40	
MUSEO PROVINCIAL			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
3330.22701	2019	287.640,99	220189/431
3330.22701	2020	287.640,99	220189/431
3330.22701	2021	287.640,99	220189/431
SUMA		862.922,97	
MUSEO PAZO DE TOR			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
3332.22701	2019	108.929,47	220189/432
3332.22701	2020	108.929,47	220189/432
3332.22701	2021	108.929,47	220189/432
SUMA		326.788,41	
SEGURIDADE E VIAVILIDADE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
4530.22701	2019	35.953,87	220189/433
4530.22701	2020	35.953,87	220189/433
4530.22701	2021	35.953,87	220189/433
SUMA		107.861,61	
BOLSA MINIMA DE HORAS			
APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	D
9200.22701	2019	22.600,39	220189/429
9200.22701	2020	22.600,39	220189/429
9200.22701	2021	22.600,39	220189/429
SUMA		67.801,17	
TOTAL CONTRATO		3.496.349,35	

4º.- Publicar na plataforma de contratación do estado, á que se pode acceder a través da páxina web da Deputación Provincial de Lugo, no menú servizos- perfil do contratante.(<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar ós interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 63 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houboese interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DE BENS OU DE ADQUISICIÓN DE DEREITOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA FONSAGRADA.- ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 “FONSAGRADA (LU-530)-NAVIA (LU-722)”, P.Q. 0,000 AO 4,350.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, do seguinte teor:

“Dada conta do expediente de expropiación forzosa ao que se refire o epígrafe, aprobado pola Xunta de Goberno desta Deputación en sesión celebrada o día 25/05/2018, o Deputado que suscribe propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Elevar a definitivo o acordo citado anteriormente.

2º.- Declarar a necesidade de ocupación para a expropiación dos bens ou adquisición dos dereitos aos que se refire o encabezamento.

3º.- Notificar individualmente aos afectados e realizar as publicacións correspondentes, de conformidade co establecido na Lei de expropiación forzosa”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS E SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación de data 8 de maio de 2019, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes.

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Prego de prescricións técnicas.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

Informe xurídico- administrativo do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 22 de marzo do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación, o día 29 de marzo do 2019, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da mesa de contratación, reunida en acto público con data 15 de abril do 2019, para apertura da documentación administrativa/proposición económica e documentación cuantificable de forma automática (sobre “A”).

Resolución de Presidencia de data 3 de maio de 2019, notificada o 6 de maio de 2019, pola que se procedeu a requirir a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP, así como xustificación de oferta anormalmente baixa á empresa INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L., para os lotes 1 e 3; a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP á empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L., para o lote 2.

As empresas atenderon en tempo e forma o requirimento o día 8 de maio de 2019 e a xustificación da oferta anormalmente baixa, dos lotes 1 e 3, foi informada favorablemente con esta mesma data.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 , sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).



Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral e concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do servizo de control de calidade das obras e servizos da Deputación de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar o seu obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Os pregos de condicións, elaborados para disciplinar a licitación e o contrato, recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes, tendo en conta a modalidade de contrato elixida. O contrato adxudícase mediante procedemento aberto simplificado sumario, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta, en aplicación dos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas).

Esta contratación non está suxeita a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, nin é susceptible de recurso especial en materia de

contratación, ao ter un valor estimado inferior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP). En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade coa Acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 15 de abril do 2019, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente (segundo anuncio publicado con data 29 de marzo de 2018 no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo-Xunta de Goberno-, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público), que foron as seguintes e para os lotes correspondentes:

	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L.	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L.
Lote 1– Unidade de Proxectos	SI	SI
Lote 2 – Vías e Obras	SI	SI
Lote 3 – Parque Móbil	NON	SI

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa respectiva proposta, procedeuse á apertura e exame do sobre electrónico “A”, documentación administrativa / proposta económica e documentación cuantificable de forma automática, resultando que as empresas presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas e seladas. A mesa de contratación acordou admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Sobre/arquivo electrónico «A». Documentación administrativa, proposición económica e documentación cuantificable de forma automática:

Declaración Responsable dos licitadores:

	EPTISA	INVECO
DECLARACIÓN RESPONSABLE		
Lote 1 – Unidade de Proxectos	SI (ROLECE)	SI (RXC)
Lote 2 – Vías e Obras	SI (ROLECE)	SI (RXC)
Lote 3 – Parque Móbil		SI (RXC)



Proposición económica e criterios distintos ao prezo que se cuantifican de forma automática:

	EPTISA	INVECO
LOTE 1		
OFERTA ECONÓMICA	10%	32%
MELLORA DE TEMPO DE RESPOSTA	30 %	90 %
LOTE 2		
OFERTA ECONÓMICA	35%	32%
MELLORA DE TEMPO DE RESPOSTA	50 %	90 %
LOTE 3		
OFERTA ECONÓMICA		32%
MELLORA DE TEMPO DE RESPOSTA		90 %

Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións fixados no PCAP (criterios matemáticos e/ou automáticos), obtivéronse os seguintes resultados:

LOTE 1-UNIDADE DE PROXECTOS		EPTISA	INVECO	EPTISA	INVECO	
	Ptos. Max.	OFERTA		VALORACION		Diferenza 20 unidades porcentuais
1. OFERTA ECONÓMICA	90	10,00	32,00	28,13	90,00	BAIXADA DESPROPORCIONADA
2. MELLORA TEMPO RESPOSTA	10	30,00	90,00	3,33	10,00	
				31,46	100,00	

LOTE 2 - VÍAS E OBRAS		EPTISA	INVECO	EPTISA	INVECO	
	Ptos. Max.	OFERTA		VALORACION		Diferenza 20 unidades porcentuais
1. OFERTA ECONÓMICA	90	35,00	32,00	90,00	82,29	OFERTA NON DESPROPORCIONADA
2. MELLORA TEMPO RESPOSTA	10	50,00	90,00	5,56	10,00	
				95,56	92,29	

LOTE 3 - PARQUE MÓBIL			INVECO		INVECO	
	Ptos. Max.	OFERTA		VALORACION		Baixa superior a 25%
1. OFERTA ECONÓMICA	90		32,00		90,00	BAIXADA DESPROPORCIONADA
2. MELLORA TEMPO RESPOSTA	10		90,00		10,00	
					100,00	

As ofertas presentadas considéranse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, prevista no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, se están por riba das seguintes porcentaxes:

Lote 1 Unidade de obras	30%
Lote 2 Vías e obras	52%
Lote 3 Parque Móbil	25%

Por tanto, as ofertas presentadas polo licitador que obtivo mellor puntuación no lote 1 e no lote 3 (INVECO), atópanse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, segundo comprobación realizada no mesmo acto de celebración da mesa de contratación (sesión do 15 de abril último).

Nestas licitacións, tramitadas por procedemento simplificado abreviado, o artigo 159.4 da LCSP permite que se acumule, respecto do licitador que obtivo mellor puntuación, nos lotes 1 e 3, a solicitude de documentación que non conste nos rexistros de licitadores, co trámite de xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

No caso de que a empresa proposta, en tanto que presenta a mellor oferta, non xustifique a súa proposición e sexa excluída, pasará ao seguinte licitador. Neste caso, convocaríase unha nova mesa de contratación.

De xustificar, adecuadamente, a oferta presentada, en termos que deba ser admitida a súa proposición, entenderase, automaticamente, salvado o condicionante establecido, de sorte que se continuará coa tramitación, aos efectos de adxudicar e formalizar o contrato.

Por Resolución de Presidencia de data 3 de maio de 2019, notificada o 6 de maio de 2019, requiriuse xustificación de oferta anormalmente baixa á empresa INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L., para os lotes 1 (Unidade de Proxectos) e 3 (Parque Móbil), que presentou o 8 de maio de 2019. A Xefa da Unidade de Proxectos emitiu informe (conformado polo Xefe do Parque Móbil) sobre a non cualificación como anormal ou desproporcionada da oferta.



Requiriuse, simultaneamente o requirimento referido no apartado anterior e, por razóns de celeridade, a documentación á que se refiren os artigos 65 e 73 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, que non se obtivera da información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou, no seu caso, do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), á empresa que obtivo maior puntuación no lote 1 (Unidade de Proxectos) e no lote 3 (Parque Móbil), INVESTIGACION Y CONTROL LUGO, S.L., a saber:

- Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable, de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

- Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

- Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

- Documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

- Declaración da adscrición concreta de medios materiais e persoais á execución do contrato previstos na cláusula 7 do PCAP.

- Acreditación da inscrición no Rexistro Xeral de Entidades de control de calidade da edificación, en cumprimento do disposto no Real Decreto 410/2010, de 31 de marzo, polo que de desenvolven os requisitos esixibles de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, para o exercicio da súa actividade.

A empresa presentou a documentación en tempo e forma o 8 de maio de 2019.

O requirimento de documentación a aportar, para a adxudicación dos lotes 1 (Unidade de Proxectos) e 3 (Parque Móbil), estaba condicionado á debida xustificación da oferta anormalmente baixa que, en efecto, foi informada favorablemente pola Xefa da Unidade de Proxectos. Cúmprese, por tanto, a condición imposta e procede aceptar a documentación presentada pola empresa.

4. Por Resolución de Presidencia de data 3 de maio de 2019, notificada o 6 de maio de 2019, requiriuse a documentación á que se refiren os artigos 65 e 73 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, que non se obteña da información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) ou, no seu caso, do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), a empresa que obtivo maior puntuación no lote 2 (Vías e Obras), EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., a saber:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento. No suposto de que o contratista estea exento do pagamento deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

- Certificación expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

- Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable, de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

- Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

- Documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

- Declaración da adscrición concreta de medios materiais e persoais á execución do contrato previstos na cláusula 7 do PCAP.

- Acreditación da inscrición no Rexistro Xeral de Entidades de control de calidade da edificación, en cumprimento do disposto no Real Decreto 410/2010, de 31 de marzo, polo que de desenvolven os requisitos esixibles de control de calidade da edificación e aos laboratorios de



ensaños para o control de calidade da edificación, para o exercicio da súa actividade.

A empresa presentou a documentación en tempo e forma o 8 de maio de 2019.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.-Adxudicar á empresa INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L., a contratación do servizo de control de calidade das obras e servizos da Deputación Provincial de Lugo. Lotes 1 (Unidade de Proxectos) e 3 (Parque Móbil).

A empresa adxudicataria comprométese á prestación do obxecto do contrato, con unha duración máxima ata o 31 de decembro de 2019, por un importe máximo, IVE incluído, de 14.825,37 euros (12.252,37 euros máis 2.573 euros, do 21% de IVE) para o lote 1 e 620,25 euros (512,60 euros máis 107,65, do 21% de IVE) para o lote 3, coas condicións ofertadas seguintes:

LOTE 1 (UNIDADE DE PROXECTOS)	
OFERTA ECONÓMICA (baixa sobre prezos unitarios)	32%
MELLORA DE TEMPO DE RESPOSTA	90 %
LOTE 3 (PARQUE MÓBIL)	
OFERTA ECONÓMICA (baixa sobre prezos unitarios)	32%
MELLORA DE TEMPO DE RESPOSTA	90 %

2º.- Adxudicar á empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L, a contratación do servizo de control de calidade das obras e servizos da Deputación Provincial de Lugo. Lote 2 (Vías e Obras).

A empresa adxudicataria comprométese á prestación do obxecto do contrato, con unha duración máxima ata o 31 de decembro de 2019, por un importe máximo, IVE incluído, de 26.877,45 euros (22.212,77 euros máis 4.664,68 euros, do 21% de IVE), para o lote 2, coas condicións ofertadas seguintes:

LOTE 2 (VÍAS E OBRAS)	
OFERTA ECONÓMICA (baixa sobre prezos unitarios)	35%
MELLORA DE TEMPO DE RESPOTA	50 %

3º.- Determinar que o prezo contractual financiarase das cantidades financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

LOTE	APLICACIÓN	IMPORTE
1. UNIDADE DE PROXECTOS	9200.22706	14.825,37 euros
2 VÍAS E OBRAS	4500.22706	26.877,45 euros
3. PARQUE MÓBIL	9201.22706	620,25 euros

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- O cumprimento dos medios materiais e persoais mínimos adscritos á execución do obxecto do contrato e recollidos na cláusula 7.3 do PCAP apartado 3.2 do prego de prescricións técnicas.

- O cumprimento das disposicións vixentes en materia de seguridade e saúde e das instrucións dadas a este respecto polo técnico da Administración.

- O cumprimento dos tempos máximos de resposta ofertados ou, no seu caso, dos establecidos como máximos.

- A empresa adxudicataria cumprira rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal adscrito á execución do contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a



cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

A comprobación do exposto no apartado precedente corresponde ao Responsable do contrato, asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.

- Remitir ás persoas responsables do contrato, no prazo máximo de 10 días contados a partir do seguinte á sinatura da acta de inicio, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.

5º.- A duración máxima do presente contrato é ata o 31 de decembro de 2019, en función do estado de execución das obras e ata que se esgote o crédito dispoñible.

6º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación de adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de novembro de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 095 do xoves 26 de abril de

2018, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Deportes, e as propostas do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB KAYAK FOZ	REGATA COPA DEPUTACIÓN	1210
CLUB PELUQUERÍA MIXTA DE FRIOL	TORNEO DE FÚTBOL FEMININO CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL	1495
CLUB DEPORTIVO FRIOL FÚTBOL SALA	TORNEO CD FRIOL FÚTBOL SALA	1353

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DAS SUBVENCIÓNS OUTORGADAS A ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Logo de ver a proposta da Sr. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que Con data 8 de outubro de 2018 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa Tecendo Emprego, Fase I. Tendo en conta que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 239 do 18 de outubro de 2018.

Considerando que con data 21 de decembro de 2018 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de entidades beneficiarias, excluídos e listaxe de perfís e con data 3 de xaneiro de 2019 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 002 a relación definitiva de entidades beneficiarias.

Tendo en conta que a seguintes entidades beneficiarias renuncian a subvención outorgada :



CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	SUBVENCION	D. RENUNCIA
2018/TEM_01/000036	Asoc. Gallega Empresas Tecnol. Informac	22.646,74 €	23/04/2019
2018/TEM_01/000021	Cogami Lugo	15.334,80 €	23/04/2019

Cogami Lugo renuncia parcialmente a subvención, tiña concedido dous perfís por importe total de 30.492,02 € e renuncia o posto de traballador/a social cuxo importe ascende a 15.334,80 €.

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Tecendo Emprego propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aceptar as renuncias das seguintes entidades:

CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	SUBVENCION	D. RENUNCIA
018/TEM_01/000036	Asoc. Gallega Empresas Tecnol. Informac	22.646,74 €	23/04/2019
018/TEM_01/000021	Cogami Lugo	15.334,80 €	23/04/2019

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO, DISTINTOS POSTOS DE TRABALLO, VACANTES NA VIXENTE RPT, RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno, en sesións de datas 19 e 26 de outubro de 2018 e 16 de novembro de 2018, aproba a convocatoria e bases para a provisión de determinados postos de traballo de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, vacantes na vixente RPT, a prover polo sistema de

concurso de méritos entre funcionarios/as desta Deputación Provincial, facéndose públicas nos Boletíns Oficiais da Provincia números 257 e 269, de datas 9 e 23 de novembro de 2018.

A Comisión de Valoración, para cumprimento da base 9.1, fixo público, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da entidade, as propostas provisionais de nomeamento dos postos de traballo que a continuación se relacionan.

Non habendo alegacións, segundo o sinalado na base 9.3, a proposta provisional faise definitiva, polo que propónse á Xunta de Goberno que adopte os seguintes acordos:

1º.- Resolver definitivamente os procedementos de provisión dos seguintes postos de traballo, nomeando a:

Don Miguel Rodríguez Aldariz, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1533, denominado Xefe Sección I Inspección Tributaria, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Inspección Tributaria, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

Dona Julia María Vázquez Silvarrey, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1550, denominado Xefe Sección I Promoción Económica e Emprego, adscrito á Área de Promoción Económica e Social - Sección Promoción Económica e Emprego, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

Dona Ana María Vila Vázquez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1319, denominado Xefe Sección III Patrimonio, adscrito á Presidencia - Secretaría Xeral e Servizos Centrais, Patrimonio e Inventario Xeral, Sección Patrimonio, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 25.

Dona Amalia López Liz, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1534, denominado Adxunto Xefe Sección Recadación Voluntaria, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación



e Inspección Tributaria, Sección Xestión e Recadación Voluntaria reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 24.

Don Fernando Carballeira Rábade, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1517, denominado Xefe Unidade II Administración BOP, adscrito á Presidencia- Servizo de Comunicación e TICs, Unidade Administración BOP, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

Dona Isabel Ron Torres, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1355, denominado Xefe Unidade II Apoio e Xestión Administrativa Comunicación, adscrito á Presidencia - Servizo de Comunicación e TICs, Unidade Xestión Administrativa Comunicación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

Dona Guadalupe González Varela, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1401, denominado Xefe Unidade II Xestión Administrativa Presidencia, adscrito á Presidencia - Gabinete Presidencia, Unidade de Xestión Administrativa Presidencia reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

Dona María Isabel Pérez Soilán, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 153, denominado Xefe Negociado I Actas, adscrito á Presidencia – Secretaría Xeral e Servizos Centrais, Sección de Actas e Asuntos Xerais, Negociado de Actas, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Dona Isabel Álvarez Núñez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1357, denominado Xefe Negociado I Apoio e Tramitación Administrativa Secretaría, adscrito á Presidencia – Secretaría Xeral e Servizos Centrais, Negociado Apoio e Tramitación Administrativa Secretaría, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Dona Consuelo López Fernández, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 205, denominado Xefe Negociado I Gastos

Persoal, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda – Intervención, Servizo de Fiscalización, Sección Gastos de Persoal e Subvencións, Negociado Gastos Persoal, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Dona Beatriz Gómez Cereijo, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1379, denominado Xefe Negociado I Plusvalía e Circulación, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda – Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Xestión e Recadación Voluntaria, Negociado Plusvalía e Circulación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Dona Amparo Márquez Ruíz, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1176, denominado Xefe Negociado I Subvencións, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda – Intervención, Servizo de Fiscalización, Sección Gastos de Persoal e Subvencións, Negociado de Subvencións, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Dona María Luísa Caamaño Piñeiro, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1058, denominado Xefe Negociado I Tramitación Administrativa Expropiacións e Control de Proxectos, adscrito á Área de Xestión Territorial– Vicepresidencia – Servizo de Expropiacións e Control Proxectos, Negociado Tramitación Administrativa Expropiacións e Control Proxectos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Dona María Cristina Pérez Díez del Corral, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1618, denominado Xefe Negociado II Apoio e Tramitación Administrativa Cooperación Concellos, adscrito á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente – Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Negociado de Apoio e Tramitación Administrativa Cooperación Concellos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Dona Estrella González Varela, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1358, denominado Xefe Negociado II Apoio e



Tramitación Administrativa Secretaría Xeral Adxunta, adscrito á Presidencia – Secretaría Xeral e Servizos Centrais, Secretaría Xeral Adxunta, Negociado Apoio e Tramitación Administrativa Secretaría Xeral Adxunta, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Dona María José Fernández Fernández, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1530, denominado Xefe Negociado II Nóminas e Seguridade Social, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais – Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación – Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos, Sección de Nóminas e Seguridade Social, Negociado Nóminas e Seguridade Social, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Dona María Jesús Jato Puentes, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1376, denominado Xefe Negociado II Tramitación Administrativa Cooperación e Proxectos, adscrito á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente – Servizo de Cooperación e Proxectos, Negociado Tramitación Administrativa Cooperación e Proxectos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Dona María del Carmen Ferreiro Reija, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1525, denominado Xefe Negociado II Tramitación Administrativa Parque Móbil, adscrito á Área de Xestión Territorial, Vicepresidencia – Parque Móbil, Negociado Tramitación Administrativa Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Dona María Asunción Pérez Vázquez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1516, denominado Xefe Negociado II Tramitación Administrativa Presidencia, adscrito á Presidencia – Gabinete Presidencia, Unidade de Xestión Administrativa Presidencia, Negociado Tramitación Administrativa Presidencia, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Don José Manuel Neira González, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1540, denominado Xefe Negociado II

Tramitación Administrativa Rede Museística, adscrito á Área de Turismo e Cultura – Subárea de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación – Rede Museística Provincial, Negociado Tramitación Administrativa Rede Museística, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Don Ramón Rozados Sánchez para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1531, denominado Xefe Negociado II Tramitación Subvencións e Coordinación Vixilantes Medio Ambientais, adscrito á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente – Servizo de Medio Ambiente, Sección Medio Ambiente, Unidade Apoio e Coordinación e Xestión Administrativa Medio Ambiente, Negociado Tramitación Subvencións e Coordinación vixilantes Medio Ambientais, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Don Antonio González Chaín, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1166, denominado Coordinador-Xefe II Administración Prevención, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais, Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación – Servizo Prevención Riscos Laborais, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Don Santiago Rodríguez Tuñas, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1546, denominado Coordinador Xefe II Administración e Xestión Cultural, adscrito á Área de Turismo e Cultura, Subárea de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación – Centro de Artesanía e Deseño, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Don Jesús Manuel Reguera López, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1552, denominado Coordinador Xefe II Apoio e Asuntos Sociais, adscrito á Área de Promoción Económica e Social – Sección Benestar Social e Igualdade, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Dona Concepción Conde Gómez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1527, denominado Responsable Coordinador II



– Apoio e Tramitación Administrativa Recursos Humanos, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais, Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación – Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 21.

Dona Dolores Carballada Gesto, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1622, denominado Responsable Coordinador II – Plan Único, adscrito á Área de Turismo e Cultura, Subárea de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación – Servizo de Cultura e Turismo, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 21.

Dona Ana Pereira Marzán, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1529, denominado Responsable Coordinador III – Procesos Selectivos, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais, Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación – Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos – Sección Selección, Promoción e Carreira, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 19.

2º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia , no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da entidade, para cumprimento da base 10”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO, DISTINTOS POSTOS DE TRABALLO, VACANTES NA VIXENTE RPT, RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO, RESOLTAS AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno, en sesións de datas 19 e 26 de outubro de 2018 e 16 de novembro de 2018, aproba a convocatoria e bases para a provisión de determinados postos de traballo de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, vacantes na vixente RPT, a prover polo sistema de concurso de méritos entre funcionarios/as desta Deputación Provincial, facéndose públicas nos Boletíns Oficiais da Provincia números 257 e 269, de datas 9 e 23 de novembro de 2018.

A Comisión de Valoración, para cumprimento da base 9.1 fixo público, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da entidade as propostas provisionais de nomeamento dos postos de traballo que a continuación se relacionan.

Despois de resolver as alegacións presentadas, a Comisión de valoración fai pública a proposta definitiva de nomeamento no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web, polo que, para cumprimento da base 9.3, propónse á Xunta de Goberno que adopte os seguintes acordos:

1º.- Resolver definitivamente os procedementos de provisión dos postos de traballo que a continuación se sinalan, nomeando a:

Don Xesús Arrizado Yáñez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1526, denominado Técnico Asesor Recursos Humanos / Adxunto Xefe Servizo RRHH, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais - Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 27.

Don José Antonio Arias Lombardero, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1549, denominado Xefe Sección I Innovación e Participación Cidadá, adscrito á Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes - Sección Innovación e Participación Cidadá, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

Dona María del Pilar Piñeiro Vázquez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1621, denominado Xefe Unidade I Recursos Doutros Entes, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Intervención, Servizo



Contabilidade e Contas, Sección de Contabilidade e Contas, Unidade Recursos Doutros Entes, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 24.

Don Pedro Gómez Zunzunegui, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 982, denominado Xefe Unidade II Xestión administrativa e Procuradoría, adscrito á Presidencia – Asesoría Xurídica, Unidade Xestión Administrativa e Procuradoría, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

Don Carlos Ramón Ouro Núñez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1555, denominado Xefe Negociado II Tramitación Administrativa Granxa, adscrito á Área do Medio Rural e do Mar – Granxa Provincial, Negociado Tramitación Administrativa Granxa Provincial, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Don Manuel Pillado Rego, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1356, denominado Adxunto Xefe Parque Móbil, adscrito á Área de Xestión Territorial – Vicepresidencia, Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Don José Manuel Cebal Varela, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1524, denominado Adxunto Xefe Parque Móbil, adscrito á Área de Xestión Territorial – Vicepresidencia, Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

2º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade, para cumprimento da base 10ª

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 105/2019-D (P).

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 105/2019-D (P), interposto por D. Rosendo López Vian, contra esta Entidade, por responsabilidade patrimonial da administración como titular da estrada LU-P-4401, polos danos ocasionados nun vehículo; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

16.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 108/2019-B.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 108/2019-B, interposto pola Entidade Aseguradora ALLIANZ e Dona María Josefa López Iglesias, contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos ocasionados nun vehículo ao circular pola estrada LU-P2301, de Guitiriz (N-VI) a Vilares (LU-170), debido á existencia dunha focha na calzada; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.



3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

17.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 111/2019.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Social nº 3 de Lugo, relativo ao procedemento: Despedimento/Ceses en Xeral nº 111/2019, interposto por Dona Bianca Otero Fernández, fronte a esta Entidade e fronte á Fundación T.I.C., relativo á reclamación por despedimento; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

18.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 139/2019-F.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 139/2019-F, interposto por D. José Ramón Bello Teijeiro, fronte á desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto contra o acordo desta Deputación Provincial de data 23 de febreiro de 2018, polo que se resolve o cese como funcionario interino adscrito ao Parque Móbil Provincial; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.

19.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 158/2019-B.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 158/2019-B, interposto por D. Carlos Reiña del Río, contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data 20 de xullo de 2018 por danos ocasionados no vehículo debido a un accidente de circulación, na estrada LU-P-1611 de N-640 por Castroverde, Maceda, Friol, Begonte e Xustás (P.K. 18,4); a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

Xustificación para incluír por vía de urxencia na Orde do Día da Sesión Ordinaria o asunto “Rectificación de erro no acordo de Xunta de Goberno de data



03 de maio de 2019 relativo á adxudicación da contratación da subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recolle, en síntese o seguinte:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, acordou, na data do 03 de maio de 2019, entre outras cousas, adxudicar o contrato de subministración e instalación de marquesiñas para a rede viaria provincial a favor da empresa TINASTUR S. COOP. LTDA ASTUR.

Dito acordo contén un erro no punto cuarto, derivado do informe e da proposta de adxudicación, erro consistente en que este contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 40 do TRLCSP, o que afecta ao prazo de formalización do contrato, polo que onde di:

“4.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153.3 in fine da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación.”

Debe dicir:

“4.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

Este erro de transcripción (erro material) resulta ostensible da propia documentación incorporada ao expediente administrativo, sen necesidade de efectuar ningún xuízo de valor. Así no propio prego de cláusulas administrativas, na cláusula 1.5, relativa ao réxime de recursos se recolle que o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, de conformidade co artigo 44 da LCSP.

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentencia do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte:

“los simples errores materiales, de hecho, o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones. Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa.”

Polo exposto, con base no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Común das Administracións Públicas, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Rectificar o erro detectado no acordo de Xunta de Goberno de data 03 de maio de 2019, relativo á adxudicación do contrato de subministración e instalación de marquesiñas para a rede viaria provincial, de tal forma que no punto 4

Onde di:

“4.-Instar, de conformidade co disposto no artigo 153.3 in fine da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación.”

Diga:

4.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.

2º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP, deixando sen efecto a notificación remitida aos interesados o día 08 de maio de 2019, e publicada no perfil do contratante na mesma data”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.